

POR UNHA GALIZA CON DEREITOS, TRABALLO DIGNO E IGUALDADE



MEDIDAS NECESARIAS

A vaga de lumes sufrida en Galiza este mes de agosto é a proba extremadamente trágica das consecuencias fatais das políticas do Goberno galego co noso monte, co noso rural pero, en xeral, con todo o noso país.

Esta é a realidade dun **P.P.** que fai seguidismo cego ás estratexias ultradereitistas da súa dirección de Madrid, cun proxecto para o noso país que **reforza a dependencia económica e política de Galiza ao sistema español**, negándose a tomar ningunha medida que permita un desenvolvemento galego propio co que frear o **aumento do empobrecemento e as desigualdades das clases populares**, así como a **desertización social e industrial** de moitas comarcas.

Estamos ante unha política letal para a sociedade galega que se completa cun turismo desordenado e descontrolado, coa eucaliptización do país, onde agonizan importantes sectores produtivos e se afonda nun modelo que consolida a histórica xeración de **graves desequilibrios territoriais, sociais e ambientais**. Vivimos unha brutal ofensiva que no franquismo destruíu ríos e agora vai polas terras, montes e mesmo o mar, que pon en perigo sectores sociais que, grazas ao seu traballo, proporcionan alimentos básicos á poboación, e que, tal como está planificada, é un prexuízo económico e social irreversible.

Todo o público está á disposición do negocio e da rendibilidade do capital e dos fondos de investimento. Seguimos proporcionando man de obra barata a través dunha **emigración** que nos está a deixar sen xente, nun país cada vez máis avellentado,

onde o saldo vexetativo empeorou máis dun 70% nos últimos anos. Desde o ano 2009, 371.637 persoas galegas emigraron, das que 141.222 eran menores de 29 anos. Nin sequera a crecente chegada de migrantes, que está sendo esencial para o mantemento de actividade produtivas, servizos e coidados, frea a perda de poboación en idade de traballar.

Un Goberno do PP obsesionado coa **privatización dos servizos públicos**, do ensino, da sanidade e coa mercantilización das empresas da dependencia, nun país que segue sen ter un sistema público de atención ás persoas maiores e dependentes.

Por iso, hoxe máis que nunca, reivindicamos rematar coas políticas neoliberais actuais e co actual marco estatutario galego, que impón grandes limitacións e impedimentos para levar adiante medidas coas que **avanzar en dereitos laborais, na integración social, cultural e lingüística de toda a poboación galega**, sen distinción da súa nacionalidade ou orixe.

Son necesarias actuacións urxentes que deberan estar contempladas nos Orzamentos do 2026 da Xunta de Galiza e formando parte dunhas liñas de accións de carácter estratéxico encamiñadas a que **o pobo galego poidamos exercer o dereito a decidir sobre o noso futuro**, porque esta é a vía para poder facer fronte, con solucións reais e xustas, ao dereito a vivir e traballar dignamente na nosa Terra.



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal

1 Plan galego de creación de traballo digno e industrialización facendo real unha transición enerxética galega xusta

- Aprobación dun paquete de medidas que desde unha integral **intervención pública nos sectores estratéxicos da economía**, concentre a acción pública no aproveitamento de todos os recursos naturais que temos dispoñíbeis no noso país (produción de enerxía, minerais, riqueza forestal, actividade de produción e transformación no sector agrario e pesqueiro, automoción, naval, etc.) para poñelos ao servizo de crear emprego digno, consolidando o respecto polos dereitos laborais e a mellora das condicións de traballo. Para levar adiante unha verdadeira política industrial que complete os ciclos produtivos no propio país, aumente o valor engadido en sectores básicos da nosa economía, diversifique as nosas capacidades produtivas e industriais, procurando o equilibrio territorial e ambiental, garantindo unha rendibilidade social e non privada, evitando a destrución de emprego, expulsión do rural e emigración que causa o actual modelo depredador
- Unha participación e intervención pública tamén no sistema financeiro, apostando pola creación dun **Banco Público Galego**, unha entidade financeira pública e comercial, titularidade da Xunta de Galiza. Que actúe ao mesmo tempo como Axencia Financeira con obxecto de formular os instrumentos financeiros a disposición de institucións galegas, empresas produtivas e particulares.



- Aprobación da Estratexia galega para unha **transición enerxética xusta** social e territorialmente, que garanta a enerxía ao servizo do pobo cunha planificación pública e participación social. Así mesmo, que conteña a redución do prezo da electricidade a través da aprobación dunha **Tarifa Eléctrica Galega**.
- Na aposta por un **traballo digno e con dereitos**, estarán prohibidos os acordos, medidas ou axudas que fomenten desde as Administracións Públicas galega, promovan ou axuden á contratación a tempo parcial, fixa-descontinua e temporal por parte das Administracións, empresas públicas e privadas.
 - Garantir na FP dual e nos **contratos formativos e a obriga de contrato laboral** e dunha **retribución** polo tempo de traballo, que será o 100% da fixada no convenio colectivo correspondente ás funcións desempeñadas. Nos plans formativos individuais especificaranse o contido da formación, o calendario e as actividades e os requisitos de titoría para o cumprimento dos seus obxectivos. Así mesmo, finalizar co abusos e utilización como man de obra barata e sen dereitos das persoas boleiras.
- **Os Centros Especiais de Emprego** de iniciativa social ou empresarial, que presten servizos a terceiros con independencia da modalidade xurídica utilizada, regularanse en materia salarial e condicións de traballo polo disposto no convenio colectivo do sector de actividade en que realice as súas tarefas.

2 Recuperar, ampliar e fortalecer os servizos públicos

Os servizos públicos universais e de calidade son o eixo fundamental para garantir a xustiza social e un acceso igualitario aos recursos esenciais, polo que supoñen de garantía para reducir as diferencias sociais e reforzar a cohesión social.

Recuperar e reforzar os servizos públicos require un compromiso político claro e medidas concretas que prioricen o benestar colectivo fronte aos intereses do capital.

- **Sanidade pública e universal:** É preciso incrementar o financiamento da sanidade pública para garantir unha atención de calidade. Reforzar a atención primaria e hospitalaria, reducir listas de espera e mellorar a atención á saúde mental. Recuperar as áreas sanitarias e reverter as privatizacións son medidas fundamentais para o futuro da nosa sanidade pública.
- **Educación inclusiva e de calidade:** reforzar o ensino público, entre outras medidas, ampliar a oferta educativa pública na etapa infantil de 0 a 3 anos, reducir o número de alumnos por aula, adecuar a Formación Profesional ás necesidades laborais do contorno, reforzar a atención á diversidade mediante máis recursos humanos en todas as etapas, garantindo unha inclusión real. Paralizar o

avance da privatización en ámbitos como a FP e a universidade. Estabelecer o galego como lingua vehicular en todo o sistema educativo.

- Rescatar e recuperar a **xestión directa dos servizos públicos privatizados** ben a través dunha Empresa Pública ou directamente na Administración Pública. Garantir unha atención adecuada e presencial ás persoas administradas. Eliminación das taxas de reposición e convocatoria urxente dos postos vacantes e a creación de todos aque-





les que sexan precisos para ter a dotación de persoal necesario para unha adecuada prestación do servizo.

- Accións encamiñadas á **eliminación da taxas de reposición**. A de interinidade non poderán superar en ningún caso o 5%, ofertando anualmente nas OPE dun xeito áxil todas as prazas da relación de postos de traballo (RPT) ou no catálogo de postos de traballo que sexan necesarias para cumprir este requisito.
- **Recuperación dos dereitos** suprimidos e do poder adquisitivo.
- A Xunta de Galiza non subscribirá o Convenio coas **Mutuas** de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais para

a xestión de determinadas patoloxías cando producen Incapacidade Temporal. No último acordo estatal en materia de pensións (asinado polo Goberno español, UGT, CCOO e CEOE) foméntanse estes convenios que veñen a aumentar a capacidade de actuación, polo tanto de abuso, das mutuas. Pretenden que estas entidades sexan as que xestionen os procesos de Incapacidade Temporal e as patoloxías derivadas de enfermidades músculo-esqueléticas, camiñando nunha descapitalización do público en favor das empresas privadas, que levamos anos combatendo, ante os intentos do PP de privatización da sanidade pública galega.

3 Plan Galego pola igualdade

Se pretendemos unha sociedade galega xusta e igualitaria en dereitos e oportunidades para todas as persoas, que recolla as reivindicacións sociais, é imprescindible investir orzamentos públicos e dotación de persoal competente para logralo. Estamos no momento de revisar as políticas nesta materia e marcar unha nova estratexia que permita virar o rumbo.

Para que isto sexa posíbel é preciso acordar un Plan Galego pola Igualdade, coa participación de todos os axentes sociais e políticos que rache coa actual dinámica.

- **O cesamento inmediato** de calquera cargo público relacionado cun caso de **violencia machista**.
- A recuperación da **Secretaría Xeral de Igualdade**, así como do **Servizo Galego de Igualdade**, con orzamentos e persoal efectivos.
- Os **Centros de Crise 24 horas**, así como os Centros de Información ás Mulleres, deben ser recursos públicos, xestionados directamente pola Administración, con persoal competente e que dean cobertura a todo o territorio, tendo a dispersión xeográfica do país.



- A aplicación do **Convenio 190 da OIT**, garantindo unha protección real contra todo tipo de violencia e acoso no traballo.
- Rexistrar só os **plans de igualdade e os convenios colectivos** que conteñan medidas efectivas para eliminar a fenda salarial.
- Atención da **saúde integral con perspectiva de xénero** que pase pola investigación de enfermidades relacionadas coa saúde das mulleres.
- **Revalorizar economicamente as carreiras e profesións vinculadas ao coidado** das persoas destinando os fondos que sexan necesarios.

4 Por un Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas

É urxente a creación dun **Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas**, integrado por unha única rede pública de centros asistenciais e residenciais da terceira idade, centros de día, centros de atención á diversidade, Servizos de Axuda no Fogar e outros servizos (Casas Niño, Casas do/a Maior, Xantar na Casa, Transporte Adaptado...)

Estes servizos estarán dotados suficientemente tanto de infraestruturas e material como de recursos humanos, **dignificando as condicións laborais e salariais** de todo o persoal coa aplicación dun mesmo convenio colectivo.

Nomeadamente, incorporaranse a esta rede pública galega, deixando de ser un servizo municipal, todos os actuais **Servizos de Axuda no Fogar (SAF)** e aprobación dun convenio colectivo único que recolla unhas condicións laborais e salariais dignas, así como dun protocolo de prevención fronte o acoso e agresións de obrigado cumprimento en todos os servizos do SAF na Galiza.

Na prestación de servizos ás persoas beneficiarias, priorizarase a **atención a través desta rede de recursos públicos**, antes que as axudas económicas, e eliminarán-

se todo tipo de repagamentos na atención e coidados, mediante a aprobación dunha carteira de servizos e prezos públicos. Ademais, incrementaranse e adecuaranse os orzamentos públicos destinados a este fin, así como aqueles dirixidos á promoción da autonomía persoal e o envellecemento activo.



5 Vivenda digna e prohibición dos desafiuzamento

Creación dun **parque de vivendas públicas** (coa construción de vivenda, reclamando ao Estado todos os inmóbeis da SAREB, mobilizando vivenda baleira, apostando pola rehabilitación, etc.), cun calendario definido, cun prezo taxado e de xestión pública que garanta o acceso a vivendas dignas e economicamente accesíbeis para todos os cidadáns, independentemente da súa renda ou condición social, priorizando ao grupos vulnerábeis (persoas que se atopan en situación de risco; especialmente para persoas maiores, mocidade, persoas con discapacidade, familias monoparentais, etc.).

Neste sentido, é urxente que a Xunta de Galiza aposte pola creación dun **Banco Galego de Vivenda** para aluguer social (non inferior a 5.000 vivendas), impulsando con liñas de apoio as cooperativas de vivendas, limitando o prezo dos alugueres poñendo fin ás axudas as ás persoas arrendatarios



e creación dun instrumento de carácter público que poida ofrecer hipotecas con tipos de xuros taxados.

6 Apertura dun proceso que supere o actual Estatuto de Autonomía en vigor a fin de que se recoñezan os dereitos nacionais de Galiza

Temos o dereito a un **desenvolvemento galego propio**, a decidir sobre o noso modelo económico e social, dispor dun **marco galego de relacións laborais**, de negociación colectiva sen interferencias nin disposicións alleas á clase traballadora galega.

O Parlamento de Galiza debe ter plenas competencias legislativas e de xestión en todas as materias e areas (laboral, seguridade social, servizos públicos, fiscal, financeira, industrial, agro-gandeira, pesqueira, sector público estatal, etc.) porque temos que ser nos quen deseñemos as nosas propias políticas sociais, laborais e económicas, xestionando os recursos públicos con criterio propio e independencia para estar ao servizo das necesidades dos galegos e galegas.

Ter capacidade para construír unha verdadeiro sistema de servizos públicos e protección social universal que ofrezca unha completa cobertura á dependencia e á conciliación. Seremos quen de articular unha protección pública por desemprego digna, desenvolvendo as competencias para implantar un salario de inserción laboral e dar prioridade ao investimento para a creación de emprego.



Por último, necesitamos garantir a capacidade fiscal en Galiza e dispoñer dun **sistema de financiamento propio**, cun réxime de concerto económico co Estado. Aprobación dunha profunda e xusta reforma fiscal, que asegure un adecuado financiamento público e capacidade recadativa ás grandes fortunas, as grandes empresas e daquelas que non tributan en Galiza pero que teñen importantes centros produtivos no noso país.

